

UGT CELEBRA UN ACORDO QUE SUPÓN GAÑAR DEREITOS PARA AS PERSOAS LGTBI NOS CENTROS DE TRABALLO

Tras a firma do acordo contra a discriminación das persoas LGTBI no ámbito laboral, Pepe Álvarez puxo en valor os evidentes beneficios do Diálogo Social

Redacción.- Goberno, patronal e sindicatos asinaron esta semana, no marco do Diálogo Social, o acordo contra a discriminación das persoas LGTBI no ámbito laboral cuxo obxectivo é conseguir espazos de traballo seguros e inclusivos.

Na súa intervención, o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez manifestou que se trata dun acordo pioneiro, moi importante co que “se logra traspasar as portas dos centros de traballo” na loita contra a discriminación das persoas LGTBI, pero “é un elo máis nunha cadea que temos que continuar construíndo”.

España, referente internacional

Pepe Álvarez incidiu en que España é un referente internacional en materia de dereitos LGTBI e con este acordo “poñemos un ladrillo máis” e consolídase e avánzase en dereitos, pero “é necesario ir máis aló” e para iso é esencial a “formación” no seo das empresas e nos sindicatos que deben formar de forma específica aos seus delegados e delegadas nesta materia para que poidan actuar fronte a casos de discriminación, violencia ou acoso.

Ademais, Álvarez reivindicou o papel da negociación colectiva como ferramenta esencial para consolidar e avanzar en dereitos e situar este de-



bate no seo das empresas e destacou a importancia de que a patronal estea neste acordo, imprescindible para facer a igualdade efectiva nos centros de traballo.

O acordo contén medidas que van desde o acceso ao emprego ata o réxime disciplinario que supoñería o seu incumprimento. Entre elas, por exemplo, que as empresas de máis de 50 persoas traballadoras deberán contar con cláusulas de igualdade de trato e non discriminación que contribúan a crear un contexto favorable á diversidade e avanzar na erradicación da discriminación das persoas LGTBI.

Ademais, pretende erradicar este-reotipos no acceso ao emprego das persoas LGTBI así como integrar módulos específicos nos plans de formación sobre os dereitos das persoas LGTBI que incidan na igualdade de trato e oportunidades e a non discriminación e a necesidade de que os convenios ou acordos de empresa

atendan á diversidade das familias garantindo o acceso a permisos, beneficios sociais e dereitos sen discriminación por razón de orientación e identidade sexual e expresión de xénero.

Compromiso pioneiro en garantir dereitos

Tamén se fai referencia á Inspección de Traballo que sancionará o incumprimento da norma e velará porque alí onde se aplique se adecúe aos requisitos normativos e establécese a creación de protocolos contra o acoso e a violencia.

Ao acto da firma, organizado polo Ministerio de Traballo e Economía Social, asistiron distintos membros da Comisión Executiva Confederal de UGT, como Fernando Luján e Patricia Ruíz, ou o responsable confederal da área LGTBI de UGT, Toño Abad, que participou no debate posterior á firma.

INADECUADA APLICACIÓN DO ACORDO SOBRE MEDIDAS QUE MELLORAN O FUNCIONAMENTO DO SISTEMA EDUCATIVO E AS CONDICIÓN LABORAIS DO PROFESORADO

Redacción.- Tras a xuntanza da comisión de seguimento do Acordo sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación celebrada o venres 21 de xuño, as organizacións sindicais CCOO Ensino, ANPE e UGT-SP deixaron constancia da valoración que fixeron da aplicación do devandito acordo para o curso 2024/25 en rolda de prensa.

Despois de constatar a aplicación satisfactoria da maioría dos puntos do Acordo, queremos denunciar ante a comunidade educativa que existen discrepancias de interpretación en dous apartados do texto:

- Cómputo dobre e triplo do alumnado con discapacidade, dependencia e trastornos graves de conduta, en todas as etapas, incluídas Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Réxime Especial.

- Redución de ratio nas aulas que escolarizan alumnado de diferentes niveis, ciclos e etapas, segundo o Acordo de Agrupamentos de 10 de xullo de 2009.

A Consellería pretendía aplicar ambas cuestións de forma progresiva e non inmediata, polo que no curso 2024/25 só se aplicaría en 4º de Educación Infantil. Despois dun intenso debate coa parte sindical, presentou unha proposta intermedia coa finalidade de achegar posturas.

En canto ao cómputo dobre e triplo de alumnado con discapacidade, dependencia e trastornos graves de conduta,

a aplicación que finalmente vai acometer a Administración inclúe as seguintes disposicións:

a) Centros de Educación Infantil e Primaria nos que haxa soamente unha unidade que sobrepase a ratio de 25 alumnos/as, ponderando o que conte dobre ou triplo; analizarase a dotación do persoal do centro e estudarase a posibilidade de enviar un reforzo no caso de ser necesario.

b) Centros de Educación Infantil e Primaria nos que haxa dúas ou tres unidades que sobrepasen a ratio de 25 alumnos/as, ponderando o que conte dobre ou triplo; enviarase un/unha docente a maiores para reforzo.

c) Centros de Educación Infantil e Primaria nos que haxa catro ou máis unidades que sobrepasen a ratio de 25 alumnos/as, ponderando o que conte dobre ou triplo; enviaranse dous/dúas docentes a maiores para reforzo.

d) Centros de Educación Infantil e Primaria nos que haxa unidades que sobrepasen a ratio de 28 alumnos/as, ponderando o que conte dobre ou triplo; estas unidades serán desdobradas.

En canto ao Acordo de Agrupamentos, no curso 2024/25, a Administración aplicará a ratio de 14 alumnos/as nas aulas mixtas de Educación Infantil e, ao longo do vindeiro curso, estudarase o xeito de ampliar a aplicación deste punto do Acordo.



As organizacións sindicais asinantes do Acordo, CCOO Ensino, ANPE e UGT-SP, valoramos positivamente os cambios da Consellería fronte á primeira postura, pero non compartimos tal interpretación para esta aplicación:

- Con respecto ao Acordo de Agrupamentos; non se recolle no asinado a aplicación progresiva das ratios.

- Con respecto ao cómputo dobre ou triplo de alumnado con discapacidade, dependencia e trastornos graves de conduta; este debe ser de aplicación inmediata en todos os niveis e etapas educativas, aplicando os desdobres correspondentes en todas as aulas que superen a ratio máxima.

As organizacións sindicais asinantes do acordo, CCOO Ensino, ANPE e UGT-SP solicitamos a toda a comunidade educativa que nos fagan chegar todos os datos correspondentes aos incumprimentos do Acordo que poidan producirse. Pretendemos facer un estudo exhaustivo desta información e non descartamos acudir á vía xudicial para asegurar o cumprimento íntegro do acordo.

FeSMC insta á concesionaria do novo hospital de Vigo a que no concurso da seguridade do CHUVI primen criterios que garantan a calidade do servizo e as condicións laborais

Redacción.- FeSMC UGT Pontevedra manifesta que estará vixiante ante o proceso de concurso público do servizo de seguridade do CHUVI co fin de evitar que a concesión deste servizo se faga atendendo a criterios exclusivamente económicos, incluso, caendo nunha adxudicación en baixa temeraria, podendo verse afectados así os dereitos das persoas traballadoras.

UGT insta á dirección da sociedade con-

cesionaria do novo hospital de Vigo a que neste proceso atenda e teña en conta criterios que garantan o mantemento da calidade do servizo e que tamén se garanta o respecto dos acordos recollidos no marco do Convenio sectorial de seguridade privada, esixindo ás empresas que concurran a dita licitación que recollan nas súas ofertas os acordos sociais e económicos ratificados no marco do seu convenio regulador. O contrario, o baixo prezo de adxudicación dos contratos con nulos criterios

de calidade, omitindo as subidas salariais pactadas, é a antesala aos conflitos laborais. Neste senso, dende FeSMC lembra o sucedido coa anterior empresa que prestaba a seguridade no Álvaro Cunqueiro, que deixou de pagar aos empregados e presentou un ERE, ou cos servizos de restauración e cociña ou o aparcamento privado que tiveron que ser rescatados por vía xudicial polas dificultades económicas para continuar coa súa prestación.

SEGUIMIENTO MASIVO NA XORNADA DE FOLGA EN FERROGLOBE

UGT FICA reclama á dirección que se avéña a negociar un convenio digno cun incremento salarial xusto e unha cláusula de revisión que garanta o poder adquisitivo das persoas traballadoras do Grupo

Redacción.- A xornada de folga de 24 horas do pasado mércores desenvolveuse cun seguimento masivo por parte dos traballadores e traballadoras de todos os centros de FerroGlobe. En Galicia este seguimento cifrouse no 100%, salvo os servizos mínimos fixados. Lembrar que nesta Comunidade están afectados o centro de Sabón e as minas de Serrabal (Vedra-Boqueixón), Sonia (O Barqueiro) e Esmeralda (Tordia).

UGT FICA agradece o apoio masivo das persoas traballadoras do Grupo FerroGlobe contra o bloqueo que a empresa mantén na negociación do III Acordo Marco.

Desde UGT FICA reiteramos a nosa disposición para resolver o conflito negociando de boa fe e reclamamos á dirección do Grupo que deixe de impoñer as liñas vermellas que manteñen despois de ano e medio de negociacións e tras 16 reunións, e se avenga a negociar un convenio digno que contemple un incremento salarial xusto e unha cláusula de revisión salarial que garanta o poder adquisitivo



de todas as persoas traballadoras do grupo FerroGlobe no noso país.

Servizos mínimos abusivos

Aínda que a xornada de folga desenvolveuse sen incidentes, hai que sinalar, unha vez máis, a mala fe da empresa, que impuxo uns servizos mínimos abusivos e nomeou servizos

mínimos "suplentes" a traballadores en descanso compensatorio e mesmo contratando eventuais para cubrir quendas nesta xornada de folga.

A este respecto, UGT FICA anuncia a súa intención de denunciar estas prácticas por vulnerar o dereito fundamental á folga e de solicitar unha forte sanción por esta grave conduta antisindical da empresa.

A FOLGA EN WOMEN'S SECRET PECHA AS TENDAS DA CORUÑA EN DEMANDA DE MÁIS CONTRATACIÓNS, MELLORES SALARIOS E MENOS DISCRIMINACIÓN ENTRE CADEAS

Redacción.- As traballadoras de Women's secret da provincia da Coruña protagonizaron este xoves unha xornada de folga, pechando as tendas, que se repetirá o vindeiro día 5 de xullo. Ademais da folga, as traballadoras concentráronse ás portas da tenda da Praza de Lugo na Coruña e o día 5 a concentración será na tenda da Praza de Galicia en Santiago.

As traballadoras denuncian que as encargadas de Women's secret cobran ata 300 euros menos que os encargados doutras tendas do grupo Tendam. Estas mesmas encargadas tamén carecen de pluses de responsabilidade.

Ademais, denuncian a acumulación de contratos, ata 30 nun só ano.

E a isto se lle suma a denuncia de escasez de persoal, o que impide ás veces incluso facer os descansos establecidos.



O TS DÁ POR BOS OS ARGUMENTOS DE UUAA E TUMBA O INTENTO DA FENIL DE ELIMINAR A PROHIBICIÓN DA COMPRA A PERDAS DA LEI DE CADEA

Redacción.- O Tribunal Supremo ven de ratificar o dereito do sector produtor a cobrar por enriba de custos. Así se desprende da sentenza recén emitida, coa que o máximo órgano do poder xudicial en España dá carpetazo ao intento da Federación Nacional de Industrias Lácteas (FENIL) de tentar torpedear a Lei de Cadea Alimentaria para eliminar da mesma o veto á compra a perdas.

O Tribunal Supremo dá por bos os argumentos defendidos por Unións Agrarias hai algo máis dun ano, cando a organización agrogandeira compareceu ante este órgano para defender o dereito de gandeiras e gandeiros a cobrar por enriba do que lles custa producir.

En maio de 2023 Unións Agrarias sumaba forzas coa Avogacía do Estado para dismantelar o bochornoso intento da FENIL de seguir impoñendo condicións abusivas e ignorando a rendibilidade e os dereitos do sector produtor. Facíao mediante unha comparecencia na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, en Madrid, para participar nunha sesión

de presentación de informes periciais na que a organización agrogandeira argumentou a necesidade de blindar a Lei de Cadea Alimentaria e, máis concretamente, a modificación introducida na mesma en relación ao veto explícito á compra a perdas.

A sentenza do Supremo tumba o intento das industrias lácteas de seguir impoñendo unilateralmente prezos, eludindo a negociación e forzando ao sector produtor a asinar contratos de adhesión sen ter en conta nin os custos de produción das explotacións nin a situación real de mercado. Así, o órgano xudicial respalda o dereito do sector produtor a percibir prezos dignos polas súas producións e pecha a tentativa da FENIL de seguir actuando ao seu antollo sen consecuencias.

Unións Agrarias celebra unha sentenza que desmonta os argumentos das industrias lácteas, que apelaban ao libre mercado para seguir impoñendo condicións lesivas ao elo máis débil da cadea. Porén, alén de resolucións xudiciais, a organización agrogandeira lembra a necesidade de

seguir avanzando na habilitación e na dotación de ferramentas e instrumentos que garantan o cumprimento da Lei de Cadea de maneira efectiva.

Unións Agrarias destaca que a xudicial non pode ser a única vía coa que o sector produtor conte á hora de facer valer os seus dereitos fronte a posibles incumprimentos da lexislación. Nese senso, insiste na necesidade de contar cun Observatorio de Custos que marque liñas vermellas e aporte datos obxectivos e públicos de referencia. Así como de que España, igual que Francia, introduza a figura do mediador para garantir que, dunha vez por todas, as negociacións entre industrias e produtores se desenvolvan en pé de igualdade. Nese senso, a organización agrogandeira anima ás administracións a continuar traballando e a seguir o exemplo do sistema arbitral gratuito destinado a resolver conflitos entre consumidores e empresas recén anunciado polo Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030. Un mecanismo análogo ao que a organización demanda para as relacións entre produtores e industrias.

LÍDERES SINDICAIS DE TODA EUROPA ADVIRTEN DO PERIGO QUE SUPÓN A EXTREMA DEREITA QUE VAI EN CONTRA DAS PERSOAS TRABALLADORAS

Líderes sindicais europeos reunidos en Bruxelas no Comité Executivo da Confederación Europea de Sindicatos (CES) participaron do chamamento a todas as forzas democráticas para que rexeiten calquera cooperación coa extrema dereita, xusto no momento en que avanza as negociacións para a formación das institucións da UE

Redacción.- O secretario xeral da Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT), Pepe Álvarez, e Jesús Gallego, secretario de Relacións Internacionais, participaron no encontro na súa calidade de membros deste órgano de dirección do sindicato europeo.

Aínda que a extrema dereita afirma, sistemática e deshonestamente, que apoia ás persoas traballadoras, a súa acción política difire moito disto, atacando aos sindicatos de clase, dereitos humanos e dereitos das mulleres, votando en contra de calquera lexislación que supoña mellorar as condicións de vida da clase traballadora etc. As traballadoras e traballadores son a pedra angular de calquera sociedade democrática e un antídoto contra o populismo de extrema dereita.

Na súa Carta de Valores, a CES comprométese a traballar para "garantir e promover a liberdade de expresión e a partici-

pación das mulleres e os homes na vida democrática, na sociedade, no lugar de traballo e na gobernanza nacional, europea e mundial". Este documento, adoptado pola maior organización civil de toda europea, rexeita "todos os réximes autoritarios ou totalitarios que restrinxen ou socavan a democracia, o principio de división de poderes, a liberdade dos medios de comunicación, a independencia do poder xudicial e das institucións e os dereitos e liberdades fundamentais das persoas".

O lugar que ocupa hoxe a extrema dereita nas institucións de moitos países europeos, España incluída, preocúpanos polo retroceso que implica sobre dereitos adquiridos durante moito tempo e que custou conseguir. Vemos como se vai normalizando esta presenza nas distintas institucións e o noso deber é alzar a voz fronte ás medidas de retroceso que van aplicando.



Neste contexto, a CES afirma e defende que nos nosos lugares de traballo, nos espazos onde se toman as decisións e nas rúas as forzas progresistas debemos traballar unidas para deixar fóra á extrema dereita, é o deber de todas e todos.

Os sindicatos opóñense con forza aos obxectivos da extrema dereita, que de maneira recorrente golpea sempre ás persoas máis débiles nunha acción constante de enfraquecemento da democracia, polo que debemos illar activamente estas ideoloxías.

O CONTEXTO ECONÓMICO É PROPICIO PARA SEGUIR IMPULSANDO OS SALARIOS E O CONSUMO

Ademais, é esencial aumentar o investimento ou adoptar medidas para evitar o recalentamento dunha burbulla inmobiliaria

Redacción.- O INE publicou os datos da Contabilidade Nacional Trimestral (CNTR) correspondentes ao primeiro trimestre de 2024. As primeiras cifras definitivas do ano reafirman as avanzadas o 26 de abril, cun incremento trimestral do PIB do 0,8% que, en termos anuais, tradúcese nun 2,5%, ambos os datos na órbita dos rexistrados anteriormente.

O ano 2024 comeza cun bo crecemento económico que, sumado a outras estatísticas que se coñeceron recentemente, propiciaron un cambio nas expectativas con melloras das previsións económicas por parte do Banco de España (antes 1,9%, agora 2,3%) e do Goberno (antes 2,0%, agora 2,5%), entre outras institucións. De cumprirse os prognósticos actuais, España lideraría o crecemento entre as grandes economías de Europa.

Os datos mostran a importancia do sector exterior neste primeiro trimestre, sendo a demanda exterior a que achega 0,5 puntos dos 0,8 que creceu a economía española en termos trimestrais. A demanda interna suma os outros 0,3 puntos, sendo importante resaltar que o investimento (formación bruta de capital fixo) creceu un 2,6%. Con todo, no que respecta ás variacións interanuais, é a demanda nacional a que rexistra unha maior achega ao crecemento do PIB (2,3 puntos dos 2,5). Os aspectos máis relevantes son que o consumo dos fogares consolida o seu crecemento, o investimento repite por segundo trimestre consecutivo cun aumento anual significativo e todos os sectores crecen por encima do 1%.

A información publicada polo INE pon de manifesto que o contexto económico é propicio para realizar algunhas actuacións sumamente importantes para a economía española como a dignificación salarial dos traballadores e traballadoras. Aínda que desde a posta en marcha do V Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) viuse reflectida unha mellora salarial (4,1% no que vai de 2024, máis de medio punto por encima da inflación) aínda queda moita marxe para repartir os enormes beneficios que teñen as empresas de moitas actividades. Ademais, o consumo privado foi un dos motores do crecemento económico, pese ao episodio inflacionista que, aínda que moderado, aínda persiste, e é preciso que as familias poidan ampliar a súa capacidade para consumir nunha situación económica positiva.

Ademais, cabe esperar que a decisión de baixar os tipos de interese ata o 4,25% por parte do Banco Central Europeo teña un impacto positivo na economía española e no resto das economías europeas, como primeiro paso dunha desescalada que debe producirse o máis axiña posible debido a que é

moi necesaria para impulsar o crecemento económico. De maneira paralela, deben adoptarse as medidas para evitar o recalentamento dunha burbulla inmobiliaria que empeza a inflarse, e que pasan esencialmente pola construción planificada dun extenso parque público de vivenda en alugueiro, polo control de prezos en zonas tensionadas e polo establecemento dunha fiscalidade incrementada para as vivendas baleiras.

Garantir o crecemento futuro e a equidade na repartición da riqueza

Doutra banda, o aumento do investimento é outro dos factores relevantes para consolidar o crecemento económico no medio e longo prazo. Para avanzar neste aspecto, onde a economía española presenta deficiencias notables, é moi importante lograr que os fondos Next Generation EU se executen con celeridade e teñan impacto na economía real canto antes. Recentemente España recibiu o cuarto pago destes fondos, de case 10.000 millóns de euros, e a pesar de que a velocidade de execución incrementouse, vai ser difícil facer uso de todos os recursos dispoñibles entre transferencias e préstamos antes da data límite de 2026.

En definitiva, para UGT os datos da CNTR reforzan a idea de que a economía española marcha ben e nestes momentos exerce de locomotora da economía europea, liderando amplamente o crecemento entre as grandes economías. Pero isto non é suficiente para garantir o crecemento futuro nin a equidade na repartición da devandita bonanza. Para iso, é imprescindible avanzar en materia salarial para garantir ingresos dignos para as persoas traballadoras, garantes do fortalecemento do consumo dos fogares. E, ao mesmo tempo, esixir investimentos no tecido empresarial que desenvolvan sectores económicos necesarios para completar unha transición a un modelo económico máis sostible, xusto e respectuoso co medio ambiente.

Os datos definitivos da CNTR publicados polo INE rexistran unha taxa de variación anual do PIB do 2,5%, catro décimas superior que a do trimestre anterior, polo que continúa acelerando o seu crecemento. É importante destacar que, tras a revisión do avance publicado en abril deste mesmo ano, o crecemento do PIB mellorou medio punto porcentual. Á



súa vez, a taxa de crecemento trimestral situouse no 0,8%, dúas décimas máis ao que se avanzou nas primeiras previsións.

Polo lado da demanda, é moi significativo que o gasto en consumo dos fogares siga acelerando o seu crecemento por segundo trimestre consecutivo, chegando a unha taxa anual do 2,5%. Pola súa banda, o investimento tamén continúa crescendo, neste caso un 1,8%, aínda que teña desacelerado 3 décimas respecto ao trimestre anterior. En consecuencia, a demanda nacional contribúe ao crecemento do PIB en 2,3 puntos, mentres que o sector exterior faio en 0,2 puntos neste primeiro trimestre do ano. A moderación da inflación e as melloras salariais rexistradas tras o V AENC, entre outros factores, propiciaron unha situación económica na que os fogares poden recuperar o seu consumo e as empresas atopan un contexto económico favorable para o investimento.

Polo lado da oferta, todos os sectores económicos rexistran crecementsos trimestrais e anuais. Respecto aos incrementos anuais, é a construción a que o fai en maior medida (3,3%), seguido do sector servizos (2,7%), despois a industria (2,3%) e, por último, o sector primario (1%). Pero tamén é preciso sinalar que todos os sectores aceleraron o seu crecemento respecto ao cuarto trimestre de 2023, o que indica un bo inicio de ano e sementa unhas expectativas moi positivas para o conxunto do ano 2024.

Finalmente, no que se refire ao emprego, as horas efectivamente traballadas aumentaron un 1,3% interanual e reducíronse un 0,3% trimestral. Pola súa parte, os postos de traballo equivalentes a tempo completo rexistran un incremento anual no primeiro trimestre do 3,4%, mentres que en termos trimestrais reduciuse un 0,1%. As variacións trimestrais responden á estacionalidade propia do trimestre precedente, que é un dos que máis actividade rexistra no ano. Con todo, respecto ao primeiro trimestre de 2023 hai 556.400 postos de traballo equivalentes a tempo completo máis.